

Concello da Moi Hospitalaria Vila de Mondariz Balneario

Rúa da Constitución, 1
Mondariz Balneario
36890 (Pontevedra)
Tlfno. 986 656 136

Asunto:

EXPOSICIÓN PÚBLICA DO RESUMO DA ELABORACIÓN DO II PLAN DE IGUALDADE DO CONCELLO DE MONDARIZ BALNEARIO ELABORADO CO FINANCIAMENTO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.

O Concello de Mondariz Balneario está elaborando o **II Plan de igualdade (2024-2028)**. Como requisito imprescindible para tal fin, elaborouse unha diagnose da situación actual da igualdade no concello a partir da información achegada propuxéronse uns obxectivos e actuacións que formaran parte do II Plan de Igualdade.

Antes de proceder a elaboración definitiva, e aprobación polo Pleno Municipal, queremos recoller e ampliar o maior número de achegas posibles para facer participe a toda a cidadanía.

Por conseguinte, invitámoslle a que visualice o resumo da elaboración do II Plan e formule as achegas e suxestións que considere necesarias para a mellora da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes na súa vila.

As achegas poderanse presentar a través do email: ssociais@mondarizbalneario.es ou no rexistro do concello de Mondariz Balneario. O **prazo final** de recepción remata o **venres 26 de xaneiro ás 14:00 h.**

*Resumo da elaboración do II Plan de Igualdade do Concello de Mondariz Balneario
(2024-2028)*

Resumo da elaboración

II PLAN DE IGUALDADE do Concello de Mondariz Balneario (2024 -2028)

Índice

1. Introducción
2. Metodoloxía
3. Principais conclusións da diagnose de xénero
4. Áreas de intervención, obxectivos e actuación propostas
5. Seguimento e avaliación

Resumo da elaboración do II Plan de Igualdade do Concello de Mondariz Balneario (2024-2028)

1. INTRODUCCIÓN

O *II Plan para a Igualdade de Mulleres e Homes do municipio de Mondariz Balneario (2024-2028)* é un reflexo da vontade expresa do Concello por continuar loitando contra todo tipo de discriminacións que seguen a perpetuar relacións de desigualdade entre as persoas por razón de xénero.

O seu obxectivo primordial é traballar na implementación da estratexia de mainstreaming de xénero co fin de que a igualdade de oportunidades sexa realidade en todas as políticas e accións realizadas a nivel municipal.

Este II Plan vai permitir durante os próximos catro anos desenvolver políticas de acción positiva en todos os ámbitos, e pretende ser unha ferramenta práctica, concibido e feito á medida das necesidades de mulleres e homes do municipio, e a través do desenvolvemento das súas diferentes actuacións conseguírase camiñar cara unha igualdade real e efectiva.

2. METODOLOXÍA

A elaboración do II Plan de igualdade levouse a cabo coa colaboración do persoal técnico das diferentes áreas municipais e especialmente co persoal de servizos sociais que foi quen asumiu as labores de coordinación.

Nun primeiro momento, procedeuse á recollida e á análise da normativa existente en materia de igualdade de oportunidades no ámbito internacional, europeo, estatal e autonómico e das achegas realizadas polo persoal do concello en canto ao resultado da implementación do I Plan, co fin de coñecer o grao de cumprimento das actuacións establecidas neste e as propostas de mellora e as recomendacións para a elaboración do II Plan.

A continuación, elaborouse unha enquisa dirixida a cidadanía, para avaliar o estado da igualdade e coñecer as necesidades e problemas detectados en materia de igualdade. Ademais, solicitóuselles información desagregada por

Resumo da elaboración do II Plan de Igualdade do Concello de Mondariz Balneario (2024-2028)

sexo das actuacións realizadas polos departamento e da situación das mulleres e homes de Mondariz Balneario no ámbito das súas competencias e propostas de actuación que consideraban que eran prioritarias incluír no novo Plan.

Para rematar, partindo da información recompilada, procedeuse a elaboración dunha diagnose da situación da igualdade no concello que serviu de referencia para a delimitación das futuras áreas de traballo en materia de igualdade e as propostas de actuación a desenvolver.

O obxectivo deste documento é dar a coñecer e compartir, cos diferentes axentes implicados na igualdade do Concello de Mondariz Balneario, as principais conclusións da diagnose de xénero e as propostas a incluír no novo Plan, co fin de que se formulen as achegas e suxestións que consideren necesarias para a mellora da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no seu Concello.

3. Principais conclusións da diagnose de xénero

Na diagnose recóllense as desigualdades debidas ao xénero visibles a partir da análise cuantitativa e cualitativa desde a perspectiva de xénero dos datos aportados polo Concello e fontes de información secundaria. Como resultado da análise da información recompilada, fixéronse visibles certos aspectos que é necesario mellorar e outros que significaron un avance para igualdade.

A continuación preséntanse as conclusións máis relevantes da diagnose, que estarán dispoñible integramente no II plan de igualdade.

- Descoñecemento do Plan de Igualdade por parte da cidadanía, e por tanto das actividades e servizos que se ofrecen dende o mesmo.
- Dificultade para atopar datos desagregados por sexo nas estatísticas municipais e nas actividades realizadas.
- Escasa oferta formativa en igualdade para o persoal munic

Resumo da elaboración do II Plan de Igualdade do Concello de Mondariz Balneario (2024-2028)

- Menor representación de mulleres na corporación municipal.
- Inexistencia de dotación orzamentaria específica para levar a cabo accións dirixidas a fomentar a igualdade.
- Desigualdades existentes no mercado laboral entre homes e mulleres en canto ós contratos iniciais e en canto á falta de representación feminina nos diferentes sectores de actividade.
- Elevado porcentaxe de desemprego en persoas de maior idade.
- Alto índice de desemprego en mulleres e homes con estudos secundarios e en mulleres con estudos postuniversitarios.
- Desigualdade en canto ós tipos de contratos iniciais entre homes e mulleres.
- Descoñecemento sobre conceptos básicos para recoñecer e prever as discriminacións e violencia de xénero.
- Escasa participación en actividades de sensibilización en materia de igualdade de xénero.
- Desigualdade de xénero a hora de recoñecer situacións de discriminación.
- Reclamo por parte da poboación de recursos e servizos que cubran preocupacións como o traballo, formación e a vivenda.
- Desigualdades existentes no eido privado en canto ás tarefas do fogar e ós coidados en xeral.
- Desigualdades de xénero existentes en canto o uso do tempo de lecer.

4. Áreas de intervención, obxectivos e actuación propostas

Como resultado da diagnose de xénero, configuráronse as seguintes áreas de intervención, sobre as que se planifican as medidas concretas de actuación a incluír no II Plan de Igualdade.

*Resumo da elaboración do II Plan de Igualdade do Concello de Mondariz Balneario
(2024-2028)*

Área 1: Transversal de xénero.

Área 2: Violencia de xénero.

Área 3: Educación en igualdade.

Área 4: Cultura, deporte e turismo.

Área 5: Formación, emprego e conciliación.

Área 6: Saúde e benestar social.

Área 7: Participación social.

Área 1: Transversal de xénero.

Obxectivo

- Institucionalizar a perspectiva de xénero en todas actuacións e procedementos de traballo que se leven a cabo dende o Concello.

Obxectivos específicos

- Difundir e distribuír o II Plan de Igualdade entre todo o persoal municipal, entidades sociais, empresariais e cidadanía en xeral.
- Impulsar a incorporación da perspectiva de xénero nas políticas locais e nos procedementos de traballo.

Actuacións propostas:

- Presentación e difusión do II Plan de Igualdade a todo o persoal do concello, entidades municipais e cidadanía en xeral.
- Promover accións formativas dirixidas ao persoal técnico e xeral da administración na aplicación da perspectiva de xénero no seu posto de traballo.
- Desenvolver medidas para a inclusión de cláusulas de igualdade nos procedementos de contratación, subvención, licitacións promovidas polo Concello.
- Continuar potenciando a utilización dunha linguaxe inclusiva, non sexista e igualitaria.

Resumo da elaboración do II Plan de Igualdade do Concello de Mondariz Balneario (2024-2028)

- Continuar introducir como normal habitual a desagregación de datos por sexo en todas os procedementos de traballos (informes, memorias, actividades...) levados a cabo no Concello.

Área 2: Violencia de xénero.

Obxectivo

- Previr e abordar a eliminación da violencia de xénero en tódalas súas modalidades e manifestacións e todo tipo de discriminacións.

Obxectivos específicos

- Concienciación da poboación sobre as violencias machistas e as súas consecuencias.
- Garantir a atención e asistencia integral das mulleres vítimas de violencia de xénero e mellorar a capacitación profesional.

Actuacións propostas:

- Continuar informando a través dos Servizos Comunitarios Municipais ás mulleres vítimas de violencia de xénero sobre os servizos e recursos do Concello, en especial, da posibilidades de atención xurídica e/ou psicolóxica no Centro de Información ás Mulleres mais próximo.
- Continuar realizando campañas de sensibilización, formación e concienciación dirixidas a cidadanía en xeral, visibilizando tódalas formas de violencia machista.
- Realizar accións de prevención de agresións sexuais nas festas locais que se realicen en todo o municipio.
- Potenciar accións formativas e campañas de sensibilización sobre violencia de xénero, e todas as súas manifestacións, dirixidas a toda a cidadanía.
-

Resumo da elaboración do II Plan de Igualdade do Concello de Mondariz Balneario (2024-2028)

- Continuar realizando actividades polo día 25 de novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres, en coordinación cos demais axentes implicados.

Área 3: Educación en igualdade.

Obxectivo

- Fomentar a educación en igualdade no ámbito educativo para potenciar o desenvolvemento integral das persoas, eliminando as discriminacións en función do sexo.

Obxectivos específicos

- Potenciar a coeducación para a eliminación dos estereotipos sexistas.
- Promover a educación en igualdade nas familias para conseguir fogares máis corresponsables.

Actuacións propostas

- Desenvolver talleres de coeducación e de educación afectivo-sexual nos colexios.
- Continuar realizando, en colaboración coas ANPAS, campañas dirixidas a unha educación non sexista no fogar e na escola.
- Campañas de sensibilización e formación en igualdade dirixidas as ANPAS e as familias.
- Realización de charlas formativas dirixidas a nais e pais sobre un uso seguro das redes sociais.
- Dar continuidade á realización actividades o día 8 de marzo, Día Internacional da Muller.
- Promover obradoiros de novas masculinidades para homes.

Resumo da elaboración do II Plan de Igualdade do Concello de Mondariz Balneario (2024-2028)

Área 4: Cultura, deporte e turismo

Obxectivo

- Impulsar a introdución do principio de igualdade no ámbito da cultura, deporte e medio ambiente turismo para eliminar as discriminacións por razóns de xénero.

Obxectivos específicos

- Introducir a perspectiva de xénero nas diferentes actividades culturais e deportivas, fomentando a participación equilibra entre mulleres e homes.
- Incorporar a perspectiva de xénero no deseño, desenvolvemento e execución das políticas e programas turísticos do Concello.

Actuacións propostas

- Continuar coa realización de actividades culturais por parte das mulleres e da a coñecer as manifestación culturais promovidas polas mulleres do municipio.
- Realizar campañas de sensibilización escolares para a elección non estereotipada de deportes.
- Facer visible as achegas das mulleres nas diferentes manifestacións culturais, artísticas e deportivas.
- Incorporación de achegas sociais, artísticas e culturais das mulleres relevantes na historia de Mondariz Balneario nas rutas turísticas do concello, e en diferente soportes de difusión turística.

Área 5: Formación, emprego e conciliación.

Obxectivo

- Favorecer o acceso, permanencia e desenvolvemento profesional das mulleres no mercado laboral en igualdade de condicións, incidindo na súa formación e favorecendo a conciliación e a corresponsabilidade.

Resumo da elaboración do II Plan de Igualdade do Concello de Mondariz Balneario (2024-2028)

Obxectivos específicos

- Mellorar a empregabilidade das mulleres, con especial atención ás máis vulnerables e as que son vítimas de violencia de xénero.
- Sensibilizar e concienciar á poboación sobre o reparto de responsabilidades e a conciliación.

Actuacións propostas:

- Realización de obradoiros de orientación e inserción laboral e técnicas de busca de emprego para favorecer a inserción laboral.
- Promoción de actividades formativas que sirvan para mellorar o nivel de formación ocupacional das mulleres desempregadas.
- Apoiar e promocionar aquelas iniciativas municipais que faciliten a conciliación da vida persoal, laboral e familiar.
- Realizar campañas de información sobre a necesidade dunha repartición equilibrada e non sexista das responsabilidades familiares entre mulleres e homes.

Área 6: Saúde e benestar social.

Obxectivo

- Mellorar a calidade de vida das mulleres e favorecer o seu benestar social.

Obxectivos específicos

- Impulsar a actividade de fomento de hábitos de vida saudables e de autocoidado.

Actuacións propostas:

- Desenvolver obradoiros de educación para a saúde e afectivo-sexuais para a cidadanía en xeral.
- Realización de charlas sobre saúde que permitan mellorar a calidade de vida e o autocoidado das mulleres.

*Resumo da elaboración do II Plan de Igualdade do Concello de Mondariz Balneario
(2024-2028)*

- Elaborar e difundir materiais divulgativos sobre a saúde das mulleres, tendo en conta a perspectiva de xénero no seu deseño.

Área 7: Participación social.

Obxectivo

- Potenciar a participación das mulleres en tódolos ámbitos de desenvolvemento da vida sociocomunitaria.

Obxectivos específicos

- Impulsar o asociacionismo entre as mulleres.
- Fomentar a presenza equilibrada de mulleres e homes nos órganos de participación e toma de decisión das entidades municipais.

Actuacións propostas:

- Impulsar a creación de asociacións de mulleres a través da organización de charlas informativas sobre o asociacionismo.
- Sensibilizar e potenciar a participación equilibrada de mulleres e homes nas entidades públicas do municipio.
- Introducir unha cláusula de fomento da igualdade nas subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro.

Resumo da elaboración do II Plan de Igualdade do Concello de Mondariz Balneario (2024-2028)

6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

O sistema de seguimento e avaliación deste II Plan de preséntase como un mecanismo que permite comprobar o grao de consecución dos obxectivos propostos mediante unha serie de indicadores: por un lado, cuantitativos, referidos ao número de persoas beneficiarias, o grao de satisfacción, a eficacia das accións, a súa calidade e utilidade con respecto aos obxectivos globais do plan e os específicos de cada acción; e por outro, cualitativos, cuxo obxectivo é recoller información acerca da opinión e puntos de vista das persoas implicadas na posta en marcha e desenvolvemento do Plan.

Como ferramentas de traballo para facilitar o sistema de avaliación do plan, elaborárase unha **ficha de seguimento e avaliación** das actuacións que deberán cubrir as persoas responsables da implantación das actuacións do II Plan.